

**NORMAS XERAIS INTERNAS DE FUNCIONAMENTO E USO DO ROCÓDROMO UBICADO NO  
PAVILLÓN MUNICIPAL DE FONTIÑAS**

Os destinatarios deste espazo son as persoas físicas que teñan licencia federativa DOS DEPORTES DE MONTAÑA en vigor, así como, aquelas entidades da cidade que estean debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e que conten con persoal coa titulación e preparación adecuada.

Para poder acceder as persoas físicas que vaian por libre deberán de ser maiores de idade e estar acompañadas doutra persoa tamén maior de idade, tendo que facer unha reserva previa de uso do recinto a través de correo electrónico ou vía fax debendo empregar o formulario que está a disposición na web de deportes do Concello. Por su parte, as entidades interesadas en un uso máis estable deberán presentar unha solicitude debidamente cuberta no Rexistro Xeral do Concello, segundo modelo elaborado no Departamento de Deportes.

As autorizacións poderán facerse mensuais, trimestrais e por tempada, segundo cada caso. A prioridade e horario de uso será definido polo Departamento de Deportes.

<b>NORMAS XERAIS INTERNAS DE FUNCIONAMENTO E USO</b>
--


**O horario-tipo de acceso ao recinto de setembro a xuño é o seguinte:**

- De luns a venres de 10 a 13 horas e de 17 a 23 horas.
- Sábados de 10 a 14 horas.

NOTA: O horario de apertura poderá ser suspendido ou modificado no suposto de que exista algunha actividade na pista principal que así o aconselle (competicións, ...). Os horarios concretos para colectivos e/ou entidades e para persoas físicas por libre os definirá o Departamento de Deportes do Concello segundo vexa as necesidades existentes, podendo modificarse ao longo do ano.


**1. O acceso ao recinto:**

As persoas físicas deberán de presentar o DNI xunto coa Licencia federativa en vigor ao conserxe da instalación. É obrigatorio a presenza dunha segunda persoa encargada de asegurar ao escalador que tamén terá que acreditarse presentando a documentación anteriormente indicada.



## CONCELLO DE SANTIAGO

2. É imprescindible que a persoa responsábel do colectivo sexa maior de idade e teña a titulación adecuada en vigor co fin de preservar a seguridade e boa práctica dos deportistas. En todo caso, é a entidade solicitante a responsábel última en garantir esta cuestión.
3. Só poderán acceder as persoas autorizadas e os membros do grupo que figuren na relación que a entidade solicitante fai constar na solicitude oficial.
4. O número máximo de persoas que poderán acceder ao rocódromo en función do seu uso será o seguinte:
  - USO POR LIBRE (individual): máximo de 4 persoas escalando e outras 4/5 asegurando. (Total 8/9 persoas).
  - USO PARA GRUPO DE ENSINANZA: máximo de 12 persoas (10 alumnos e 2 instrutores mínimo).
5. Non se permitirá a entrada e utilización do rocódromo por persoas menores de idade, salvo o caso concreto de grupos de ensinanza ou colectivos deportivos (Clubs) que terán unha autorización específica. **No caso dos menores de idade** poderán empregar o rocódromo nas seguintes situacións sempre e cando estean federados:
  - En actividades de Deporte Escolar (con seguro deportivo), sendo este o único caso no que non precisan estar federados.
  - Actividades dos clubs deportivos que figuren debidamente inscritos no rexistro municipal de asociacións, sendo imprescindible ter autorización escrita do pai/nai ou titor legal que formará parte do expediente, sendo a entidade solicitante a responsable a todos os efectos de que isto se cumpra.
6. Cada persoa e ou colectivo deberá ter o seu propio material que estará homologado, sendo da súa estrita responsabilidade que este se atope nas debidas condicións de uso. É obrigatorio o uso do casco de escalada e mosquetonear todos os seguros das vías a escalar. Para escalar con corda hai que empregar, para unha correcta seguridade, un sistema autoblocante (tipo GriGri,...)ou freos de escalada de tipo placa. O oito non é válido.
7. O acceso ao rocódromo terá que facerse obrigatoriamente con roupa e calzado deportivo (concretamente pés de gato). Está permitido o uso de magnesio. Nas actividades de promoción da escalada dirixidas a xóvenes, poderanse empregar



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

zapatillas deportivas. Non está permitido o uso de botas, sexan de trekking ou alpinismo.

8. Non se permitirá o acceso con comida e botellas ou recipientes de cristal.
9. Antes e despois do uso do rocódromo, o conserxe da instalación xunto coas persoas interesadas poderá revisar en qué condicións se deixa. Calquera incidencia que se produza durante o seu uso deberá de ser comunicada inmediatamente ao conserxe, para que este comprobe o ocorrido.
10. Non se pode modificar a colocación das presas en calquera zona do rocódromo, salvo autorización expresa do Concello de Santiago. De forma excepcional e previa autorización municipal, permitirase a modificación da situación e número de presas sobre a estrutura nas actividades de formación e/ou competición. Unha vez finalizadas, o número e ubicación das presas deberá de ser a inicial. A colocación das presas a fará a entidade solicitante.
11. Está totalmente prohibido a manipulación e modificación dos anclaxes e dos descuelgues e seguros fixos da instalación. No suposto de que se detecte algunha anomalía ou deficiencia, movemento de chapas ou a existencia de descuelgues desgastados, comunicarse inmediatamente ao conserxe do pavillón.
12. No caso de producirse furtos e/ou danos por negligencia ou mala fe, a persoa e/ou colectivo deberá de repoñer integramente o material danado ou aboar o importe da súa reposición.
13. As persoa e entidades que non cumpran coas presentes normas xerais de uso, con independencia da responsabilidade que conleve o seu incumprimento, serán dadas de baixa no uso do rocódromo.
14. Recoméndase a todos os usuarios que realicen un recoñecemento médico ao efecto de garantir que a práctica deportiva a desenvolver a poden realizar con normalidade.